

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a **CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO**, con data de 11 de maio do dous mil vinte, ditou, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, do 3 de xullo de 2019, e res. núm. 377, do 4 de maio de 2020), a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO

ASUNTO: CONTINUACIÓN DE PROCEDIMENTOS DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

EXPEDIENTE: 2020/G003/000415

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que, segundo o Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 24 de maio, nas mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, e nas disposicións que o modifican, aplican e desenvolven, sen prexuízo do establecido nos artigos 3 e ss do RD 514/2020.

Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da citada disposición adicional.

Considerando que, de acordo co apartado 4 da disposición adicional terceira (na redacción dada polo RD 465/2020, do 24 de marzo), dende a entrada en vigor do RD 463/2020, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a

continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Considerando así mesmo que, conforme á disposición adicional cuarta do RD 463/2020, do 14 de marzo, os prazos de prescrición e caducidade de calquera accións e dereitos quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

Considerando a importancia que para o interese xeral teñen as medidas para a defensa e control da legalidade urbanística, tanto as relativas ao control “previo” a través das autorizacións administrativas, como é o caso das licenzas urbanísticas (cuxa continuidade foi acordada mediante Resolución desta concelleira, do 7 de maio de 2020, nos termos do apartado 3 da disposición adicional terceira do RD 463/2020), como as de control “durante” e “despois”, a través da disciplina urbanística.

Considerando a importancia que, especificamente, ten a disciplina urbanística para a protección do interese xeral, na medida en que esta comprende o conxunto de medidas, técnicas e facultades que as Administracións Públicas están obrigadas a poñer en marcha co fin de garantir que se cumpre coa legalidade urbanística.

Considerando que, segundo o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde ao Municipio, como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, o urbanismo, en concreto, polo que interesa aos efectos do presente, a disciplina urbanística.

Considerando que á vista da citada Lei e da Lei 2/2006, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG) e do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), o Municipio é o que ten un maior protagonismo á hora de executar as medidas de disciplina urbanística, sen prexuízo da competencia que, de acordo coa normativa citada, tamén ten recoñecida a Comunidade Autónoma.

Considerando que segundo a LSG, artigos 151 e ss, a disciplina urbanística engloba a inspección urbanística, entendida como a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo teñen que realizar coa finalidade de comprobar que unha e outros se axustan ao ordenamento urbanístico, a protección da legalidade urbanística, referida tanto ás obras e usos sen título habilitante ou sen axustarse ás condicións sinalas nel, en curso de execución, como ás obras rematadas sen título habilitante ou sen axustarse ás condicións sinaladas nel, así como os correspondentes procedementos sancionadores.

Considerando que a suspensión da disciplina urbanística e a súa prolongación no tempo está a provocar prexuízos ao interese xeral, na medida en que é o mecanismo do que dispón a Administración para facer cumprir coas normas urbanísticas.

De acordo co exposto, a continuidade das actuacións de disciplina urbanística resulta indispensable para o protección do interese xeral, debendo así mesmo terse en conta a estes efectos que:

.- A experiencia amosa que a inmediatez na adopción das medidas de disciplina urbanística por parte da Administración facilita o cumprimento da finalidade última de reposición da legalidade, evitando que o transcurso do tempo propicie a consolidación de situacións nas que a reposición resulta máis complexa.

.- A suspensión das medidas de disciplina urbanística e, no seu caso, a conseguinte sensación de impunidade, pode ser aproveitada para a realización de actuacións contrarias á legalidade urbanística, o que resulta inadmisibile e contrario ao correcto interese xeral, incluso en estado de alarma.

De acordo co exposto, resulta claro que é fundamental e indispensable para a protección do interese xeral que o Concello de Teo acorde a continuación das actuacións de disciplina urbanística, permitindo así a adopción das medidas necesarias para garantir, en defensa do citado interese, o cumprimento da legalidade urbanística, a través das actuacións a estes efectos previstas nos artigos 151 e ss da LSG (inspección urbanística, medidas de protección da legalidade urbanística e procedementos sancionadores).

Considerando que, segundo o artigo 6 do RD 463/2020, do 14 de marzo, referido á xestión ordinaria dos servizos, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas necesarias no marco das órdenes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecemento nos artigos 4 e 5 do citado RD.

Considerando que, en todo caso, sen prexuízo da continuación ou iniciación xenérica dos procedementos de disciplina urbanística, por medio do presente, a que se refira a cada procedemento individualizado requirirá un acordo de continuación singularizado ao efecto no que, expresamente, deberá facerse referencia á presente Resolución.

Considerando que segundo a disposición adicional oitava do RDL 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o cómputo do prazo para interpor recursos en vía administrativa ou para instar calquera outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje que os substitúan de acordo co previsto nas Leis, en calquera procedemento do que poidan derivarse efectos desfavorables ou de gravame para o interesado, computarase dende o día hábil seguinte á data de finalización do estado de alarma, con independencia do tempo que transcorra dende a notificación da actuación obxecto de recurso ou impugnación con anterioridade á declaración do estado de alarma. O anterior enténdese sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación.

Considerando que concorren razóns de interese público que fan necesaria a difusión do contido do presente da forma máis ampla posible.

Considerando que, tal e como se desprende da normativa citada, a continuación dos procedementos require que o órgano competente o acorde motivadamente, o que se cumprimenta a través do presente.

Considerando que, en virtude das delegación efectuadas mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019) e Decreto da Alcaldía do 4 de maio de 2020 (res. 377/2020), tratándose da área de urbanismo corresponde á que subscribe actualmente a totalidade das atribucións na citada área, incluía a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados no exercicio das atribucións delegadas.

En virtude do exposto, por delegación da alcaldía (res. núm. 524, do 3 de xullo de 2019 e res. 377, de 4 de maio de 2020), e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Iniciar ou, no seu caso, continuar os procedementos de disciplina urbanística aos que se refiren os artigos 151 e seguintes da LSG, suspendidas polo RD 463/2020, do 14 de marzo, ao concorrer as circunstancias descritas no apartado 4 na disposición adicional do citado RD, ao resultar indispensable para garantir o cumprimento da legalidade urbanística e polo tanto para a protección do interese xeral.

Segundo.- Nos actos administrativos que se ditén nos procedementos cuxo inicio ou continuación se habilita por medio da presente, deberá facerse mención a esta Resolución, que deberá ser debidamente trasladada ao personal do departamento de urbanismo.

Terceiro.- Na notificación dos actos administrativos que se ditén nos procedementos cuxo inicio ou continuación se permite, dos que puideran derivarse efectos desfavorables ou de gravame para as persoas interesadas, se fará constar que, de conformidade coa disposición adicional oitava do RDL 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o cómputo do prazo para interpor recursos en vía administrativa ou para instar calquera outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje que os substitúan de acordo co previsto

nas Leis, computarase dende o día hábil seguinte á data de finalización do estado de alarma, con independencia do tempo que transcorrera dende a notificación da actuación obxecto de recurso ou impugnación, sen prexuízo da eficacia e executividade do acto administrativo obxecto de recurso ou impugnación.

Cuarto.- A presente resolución surtirá efectos dende o día da súa data, sen prexuízo de facer público o contido da mesma, para xeral coñecemento, no BOP, no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, no portal de transparencia e na sede electrónica.

Quinto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderanse interpor os recursos previstos no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de que, de acordo co disposto nas disposicións adicionais segunda e terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, queda en suspenso o prazo para a interposición, no seu caso, do recurso contencioso administrativo.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe da concelleira delegada de urbanismo, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e Praxe

A concelleira de urbanismo,

A secretaria xeral, que dou fe

Uxía Lemus de la Iglesia

Virginia Fraga Díaz